

Acta da Comisión Permanente do día 20 de abril de 2012

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 20/04/2012.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 20/04/2012.
- III. Informes para a elaboración dos cadros de validación dos ciclos de FP.
- IV. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- V. Documentación relativa á validación de actividades por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 6 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 23 de marzo de 2012.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria de 23 de marzo de 2012.

2. Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, aprobar os seguintes cadros de validación para os CICLOS DE FP:

CADRO DE VALIDACIÓN APROBADAS

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Ciclos de grao superior	Módulo cursado	Materia validada
Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	MOD. PROF. Traballos de campo e gabinete	Xeomática
	MOD. PROF. Trazados viarios e abastecementos	
Proxectos de Edificación	MOD. PROF. Representacións de construción	Expresión Gráfica
Sistemas de regulación e control automáticos	MOD. PROF. 2. Sistemas de medida e regulación	Electrotecnia
	MOD. PROF. 5. Sistemas electrotécnicos de potencia	
	MOD. PROF. 9. Desenvolvemento de Sistemas de medida e regulación	

CADRO DE VALIDACIÓNS APROBADAS

Grao en Enxeñaría da Enerxía

Ciclos de grao superior	Módulo cursado	Materia validada
Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	MOD. PROF. Traballos de campo e gabinete	Xeomática
	MOD. PROF. Trazados viarios e abastecementos	
Proxectos de Edificación	MOD. PROF. Representacións de construción	Expresión Gráfica
Sistemas de regulación e control automáticos	MOD. PROF. 2. Sistemas de medida e regulación	Electrotecnia
	MOD. PROF. 5. Sistemas electrotécnicos de potencia	
	MOD. PROF. 9. Desenvolvemento de Sistemas de medida e regulación	

En relación á solicitude de validación presentada pola alumna Dona , referente á materia "Cartografía temática e teledetección" de 3º curso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, a Comisión Permanente da E.T.S.E. de Minas acorda solicitar á Área Académica que remita de novo ao Departamento correspondente a solicitude de informe, xa que dita materia será implantada no curso 2012-2013 e polo tanto entende que procede a súa resolución por parte do Departamento.

A Comisión Permanente acorda desestimar as seguintes validacións solicitadas polos alumnos que se relacionan:

Alumno	Materia cursada / Titulación	Materia validada / Titulación
	Xeofísica / Enxeñaría Técnica en Topografía – Universidade de Santiago de Compostela	Xeoloxía / Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
	Xeomorfoloxía / Enxeñaría Técnica en Topografía – Universidade de Santiago de Compostela	
	Química / Enxeñaría Técnica Industrial – Especialidade: Mecánica	Fundamentos Químicos da Enxeñaría I / Enxeñaría de Minas
		Fundamentos Químicos da Enxeñaría II / Enxeñaría de Minas

	Teoría de estruturas e construcións industriais / Enxeñaría Técnica Industrial – Especialidade: Mecánica	Estruturas e construcións mineiras / Enxeñaría de Minas
	Elasticidade e resistencia de materiais / Enxeñaría Técnica Industrial – Especialidade: Mecánica (UC. Ávila)	Resistencia de materiais / Enxeñaría de Minas
	Teoría de estruturas e construcións industriais / Enxeñaría Técnica Industrial – Especialidade: Mecánica (Universidade de Zaragoza)	

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.

A Comisión acorda aprobar os títulos e tribunais de proxecto fin de carreira que se relacionan no anexo III.

4. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

A Comisión Permanente acorda o acúmulo de 4 horas, para a validación por créditos de libre elección ou ben por ECTS para os graos, das III XORNADAS DE MATERIAIS PARA O FUTURO celebradas o 16 de abril de 2012.

A Comisión Permanente acorda a validación dos seguintes cursos/actividades por créditos de libre elección:

CURSOS / ACTIVIDADES	DATA DE CELEBRACIÓN / DURACIÓN	CRÉDITOS CONCEDIDOS
Nivel de inglés B1 por ter 72 puntos no TOELF	Equivalencia incluída nos criterios da Universidade de Vigo para a acreditación de competencias dun idioma estranxeiro.	2 c.l.e
MÓDULO DE "PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES"	Do 8 ao 11 de xuño de 2010 / 20 horas	1 c.l.e.
CURSO "CONTROL DO RUÍDO"	Do 26 ao 31 de agosto de 2009 / 20 horas	1 c.l.e.
CURSO "CONTROL DO PO NO AMBIENTE"	Do 26 ao 31 de agosto de 2009 / 20 horas	1 c.l.e.
ACCIÓN FORMATIVA "MANIPULADOR DE ALIMENTOS"	18 e 19 de maio de 2010 / 10 horas (TELEFORMACIÓN)	0.5 c.l.e.
CURSO "MANEXO DE CARRETILLAS ELEVADORAS"	Do 2 ao 24 de agosto de 2010 / 20 horas	1 c.l.e.
CURSO "FRANCÉS"	50 horas	0.5 c.l.e.

A Comisión Permanente acorda a validación de prácticas en empresa realizadas pola alumna Dona _____ en Alemania, na Fakultät V Verkehrs und Maschinensysteme, Fachgebiet Füge und Bechichtungstechnik, desde o 13 de setembro de 2010 ata o 13 de marzo de 2011, outorgándolle un total de 6 créditos de libre elección.

5. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 16 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, vinte de abril de dous mil doce.

Vº e praxe

O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 20/04/2012

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 20/04/2012

ANEXO III

Informes para a elaboración dos cadros de validación dos ciclos de FP

ANEXO IV

**Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta
Comisión Permanente**

ANEXO V

Documentación relativa á validación de actividades por créditos de libre elección